

*“ORDE do 21 de febreiro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo, cofinanciada parcialmente polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.”*

## Obxecto

Fixar as bases reguladoras e a convocatoria das axudas e subvencións establecidas pola Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social e apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación deste tipo de empresas.

## Beneficiarios

As cooperativas e sociedades laborais para as actuacións previstas no programa I de Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

As persoas desempregadas, as demandantes de mellora de emprego, así como as persoas asalariadas das cooperativas e sociedades laborais, nos termos e para as axudas previstas no programa II de Fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora.

As cooperativas e sociedades laborais de nova creación ou que acometan novos proxectos nos termos e para as actuacións previstas no programa III de Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica, así como as persoas e empresas privadas que presten os servizos de asesoramento e acompañamento nos termos previstos na base terceira.

As cooperativas xuvenís para as actuacións e nos termos previstos no programa IV de promoción deste tipo de entidades.

## Conceptos subvencionables

1. Incorporación de persoas desempregadas e traballadores/as con carácter temporal, como socios/as traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.
2. Fomento do acceso á condición de socios/as traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, mediante o financiamento, parcial, a achega ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio/a.
3. Concesión de axudas económicas para a posta en marcha dos proxectos empresariais, tanto nova creación como para os xerados polas entidades existentes. Terán consideración de proxectos subvencionables, entre outros, a transformación doutras fórmulas empresariais en cooperativas ou sociedades laborais, a constitución de novas entidades ou o lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade polas entidades en funcionamento.
4. Apoio o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas xuvenís mediante subvencións directas para o financiamento dos custos derivados do lanzamento da actividade.

○ PRAZO DE PRESENTACIÓN REMATA O 07/04/2014

